

SEMPRE TÚA

Dende un pequeno recuncho noroeste

A ti:

A ti, si, dirixo estas verbas sen coñecer nin o teu nome nin a túa procedencia; non coñezo os teus soños nin sei cales son as túas afeccións, pero se estás lendo isto é porque quizais o vento ou mesmo as ondas do mar che trouxeron estes meus pensamentos que non son máis que a reflexión dunha dura e longa vida. Non pretendo cambiar coas miñas palabras a visión que poidas ter de min, só quero que vexas que a pesar de todas as dolorosas lembranzas, eu fico aquí loitando polos meus.

Crerás que podo estar esaxerando toda esta dor que levo dentro, que a miña historia no fondo non é tan dura como che estou a contar. Pero permíteme roubarche un anaco do teu tempo e quizais todo cambie para ti e para min.

Dende o comezo dos tempos eu coidei dos meus facendo seu todo o que nun principio me pertenceu. Eu dinlles unha natureza máxica e un ceo infinito só para eles. Agasalleinos co amencer e co solpor. Co medorento silencio que se agocha nas covas do eco dos montes e dos ronquidos do mar. Deilles as miñas bágoas que se deslizaron ós poucos por entre as montañas e que se converteron en ríos e regatos. Tamén os meus choros lles din coa esperanza de apagar eses lumes que eles mesmos prenderon en min. Fragas, chairas, outeiros, montes, serras e praias, rías e cabos. E tamén lles din unha lingua e unha cultura de seu. E eles comezaron a nomear esa realidade infinita que eu lles puxen nas mans en agradecemento por estar aí. Entón comecei a escoitar carballo, castiñeiro, bidueiro, salgueiro, toxo, xesta, codeso, pega, merlo, paporrubio. E tamén choiva, chuvia, orballo e treboada. Miño, Sil, Eume,

Ulla, Tambre, Landra e Ancares, Courel, Suído ou Xurés. Dende Fisterra, Ortegai e Touriñán, imaxinaron as súas propias fins do mundo e as súas mentes navegaron alén do mar ata chegar a mundos descoñecidos. Nas súas voces todo soaba mellor. E gustábame ouvir como uns dicían hórreo e outros á súa vez dicían cabaceira, calostrá ou piorno. E uns dicíanme Galicia, pero a medida que me aproximaba ó mar escoitaba “Ghalicia”, e as ondas devolvíanme o eco das voces na costa que murmuraban “Ghalisia”.

Mais as cousas co tempo cambiaron e podo asegurar que non hai nada peor para unha nai que ver como silencian ós seus fillos, como asoballan a todo un pobo e este non responde. E eu quixen berrar e darlles toda a forza que precisaban para saír adiante pero todo foi insuficiente, porque a miña voz estaba igual de calada que a súa. Durante séculos non escoitei “loita”, “defensa” nin “xustiza” e unicamente chegaban a min os murmurios dos meus pequenos que intentaban liberarse das estrondosas voces que berraban nun idioma descoñecido.

Mais entre todo o ruído unhas verbas cantareiras volvían a chamar polos “ríos, fontes e regatos pequenos” e non era senón para despedirse. Porque se os ríos levaban as miñas bágoas, o mar encheuse cos choros de todos aqueles que marcharon e tamén cos dos que quedaban aquí. En todos deixei unha pequena pegada, unha fracción de todo o que nos unía e que eles, con esa lingua melodiosa, chamaron “morriña”. Os barcos marchaban e só deixaban tras eles unha mestura de vapor e agonía. Eu acariciei coa axuda do vento a todas esas mulleres que quedaron sen homes e a todos eses fillos que quedaron sen pais. Dinlles todo o amor que gardaba nas miñas entrañas para que saísen adiante. E conseguírono. Porque son fortes.

Seino porque verdadeiras catástrofes viñéronlle enriba. As costas vestíronse de loito co Prestige e os montes cos incendios de todos os veráns. E eles seguen a loitar a pesar de que lles poida a tristura de ver como morre ós poucos a súa terra.

Mais despois de tanto tempo, síntoos lonxe de min. Moitos deles, sexan lugueses, coruñeses, pontevedreses ou ourensáns, xa non se senten galegos. Xa non senten que eles naceron dos Ancares, da Terra Chá, das Rías Baixas e das Rías Altas, do Miño, do Sil, do Xallas, dos ourizos dos castiñeiros, das flores dos toxos, do millo, do trigo e do centeo, das cunchas das ameixas e dos mexillóns, do vento do norte, da choiva incesante e do océano Atlántico. Xa non senten que naceron de min.

E agora que ti sabes o que sinto, cóntallo. Cóntalles que pase o que pase eu vou ser sempre miña, sempre deles,

Sempre túa,

Galicia

30defebreiro